

Actualización de ferramentas tecnológicas para docentes

- CFR de Pontevedra -

Obxectivos

Podemos resumir os obxectivos deste curso en:

- Informar sobre as ferramentas corporativas.
- Acompañar aos participantes resolvéndolles as dúbidas que teñan no uso das mesmas.
- Formalos para que lle saquen o mellor partido.

Dende o CFR de Pontevedra establecimos nun prazo de semana e media un plan coordinado para:

- Coñecer o número de centros e profesores interesados. **Tivemos 79 centros que solicitaron formación.**
- Organizar os cursos da forma máis axeitada e personalizada a cada tipo de centro. **Estamos a organizar 63 cursos.**
- Buscar relatores que nun tempo récord poidan afrontar esta formación da mellor forma posible. **Estamos coordinando aproximadamente a 40 relatores.**
- **Deseñar un “itinerario formativo”** que cumpra cos obxectivos marcados e dea unha resposta o máis coordinada posible a cada centro.
 - **Tendo en conta a gran disparidade de centros**, dende EEI, ata CIFP pasando por IES, CEIP, CEE, EOI...
 - **Tendo en conta tamén a gran disparidade de niveis** que nos vamos atopar entre os asistentes. **Temos inscritos a 980 profesores.**

Por todo isto creamos esta aula virtual e convocámosvos a esta videoconferencia para establecer unhas **recomendacións básicas xerais** e responder as vosas dúbidas antes de dar comezo á formación.

Aula Virtual

Nesta aula virtual temos unha estrutura básica con contidos e unha copia de seguridade do mesmo para ofrecérvola de modo que a descarguedes e restauredes na aula virtual dos centros nos que ides impartir a docencia.

Os contidos que temos son os de partida, ou básicos. Se o considerades oportuno, podedes enviarnos recomendacións para que os vaiamos complementando entre todos.

Temos tamén un foro de dúbidas e coordinación entre todos os relatores por si precisamos axuda ou queremos facer suxestións.

Planificación dos cursos

1. Celebración desta videoconferencia e entrar na aula virtual, para explicaros punto de partida, obxectivos e mínimos.
2. Cada asesor responsable de cada curso vos remite un ficheiro con: nome e apelido dos participantes, centro de destino e correo electrónico. (relatores internos do propio centro poden empezar a formación cando queirades, xa que estes datos os coñecedes)
3. O asesor compartirá convosco os resultados da enquisa do centro no que ides impartir, para que vexades as necesidades e a priorización de contidos. (relatores internos do propio centro xa coñecen esta información de primeira man, así que non teñen por que esperar a esta enquisa)
4. Convocades por videoconferencia a todos os participantes a través do correo electrónico e informades da mesma ao asesor. (relatores internos do propio centro non están obrigados)
5. Da forma que mellor consideredes e acordedes cos participantes, levades acabo a formación que deberá estar rematada a finais do mes de maio.
6. Cada semana debedes mandar un breve informe sobre o avance dos contidos e a vosa opinión sobre o aproveitamento. Faládeo con cada asesor. (relatores internos do propio centro non teñen que enviálo)
7. Ao finalizar o curso, debedes facer un informe onde se indiquen os contidos tratados no curso.

Cuestións a ter en conta

- Este curso ten por obxecto difundir e formar sobre as ferramentas corporativas. Por tanto **non se deben empregar outro tipo de aplicacións**.
- As sesións de **videoconferencia deben ser pola tarde**, xa que no horario de mañá é de traballo para os docentes.
- Consideramos que o mínimo que se debe esixir é:
 - Que **todos os asistentes deben participar en algunha videoconferencias con WEBEX**, é recomendable que ademais teña feito algunha como anfitrión.
 - Que **todos os participantes teñan entrado como usuario nun aula virtual** de forma autenticada, e cando menos entregue unha tarefa exemplo. Por esa razón **en cada curso debe haber un aula virtual** (podedes usar unha copia de esta) na que haxa un foro para que se presenten os participantes, e algunha tarefa para que vexan o funcionamento da entrega de tarefas. **Seria recomendable que teñan as súas propias aulas virtual nas que creen contidos e lles axudedes coas dúbidas que teñan.**

**NOTA: Estes mínimos poden ser revisados.*

Contidos dos cursos

Nota estes contidos temos que estruturalos mellor, están en fase borrador e ideas. Desculpade os erros debido ás presas.

- **AbalarMóbil:**
 - Vídeo, acceso dende navegador WEB. Mensaxes colectivos, mensaxes individuais, Mensaxes que aceptan respostas. Grupos de Chat. Envío de documentos a través de Abalar móbil.
- **Videoconferencia:**
 - Acceso a través de navegador. Instalación da versión Appimage.
 - Acceso a través de cliente. Instalación do cliente.
 - Botóns, ou interface:
 - Botón de información, de vistas e tipos de vistas, de micro, cámara, compartir contidos, compartir pizarra. Grabar videoconferencia, chat, participantes, axustes e sair.
 - Funcionalidades: Fixar unha vista concreta para todos os participantes, Silenciar ou dar voz a todos, sacar ao lobby, expulsar, apagar CAM dos participantes. Converter en Orador e sacarlle o control. Compartir pantalla e pedir o control do equipo remoto. Pedir permiso para debuxar en pizarras. Compartir pantalla e debuxar enriba.
 - Usar outra cámara, por exemplo do móbil como cámara de proxector de opacos.

- **Aula virtual:**
 - Entrar como alumno con clave e contrasinal. Diferencias entre entrar como convidado sen clave (Aberta a calquera sen control de acceso), convidado con clave (Aberta a unha clase que comparta a mesma clave, pero sen control de acceso), Pechada a usuarios inscritos.
 - Publicación de: URL, Ficheiro, Carpeta, Etiqueta, páxina. Subir ficheiros de son, vídeo, imaxes, pdf, e vincularlos dentro dunha etiqueta, ou nun recurso.
 - Configuración da visibilidade dos bloques dentro do curso.
 - Creación dunha tarefa.
 - Configuración do curso, temas, visibilidade dos temas ocultos, etc. Métodos de matriculación nun curso.
 - Unha visión das formas de rexistro na aula virtual, aínda que so a modo de información, xa que é unha tarefa que debe facer o administrado.
- Exemplos de aulas virtuais.
- **Agueiro:**
 - Visualización e realización das tarefas propostas no Paisaxe de aprendizaxe de Agueiro. Publicación de algún contido.